


Coñece ó noso equipo: PEDRO FIGUEROA DORREGO, Coordinador do grupo G4 Plus

Pedro Figueroa Dorrego é Director do Grupo de Investigación G4 Plus (Desenvolvemento estratéxico: organizacións e territorios) da Universidade de Vigo, e Profesor Titular da área de Organización de Empresas.

Graduouse e licenciouse en Ciencias Económicas pola Universidade de Santiago de Compostela (1979 e 1986 respectivamente) e obtivo o título de Doutor en Ciencias Empresariais nesa mesma universidade en 1997. Posúe ademais o Diploma de Experto en Xestión do Coñecemento e Capital Intelectual (Diploma INTELECT) do Instituto Universitario Euroforum, Universidade Complutense e IMSEAD; un Máster en Dirección e Administración de Empresas (Executive-MBA) pola Escola de Negocios Caixavigo; un Diploma Internacional en Sistemas de Información polo CEPIA (Versalles); e un Diploma no Programa de Excelencia na Xestión de Clusters (IGAPE/CLUSTER DEVELOPMENT).

A súa actividade investigadora xira en torno ao desenvolvemento de sistemas empresariais e territoriais, con especial énfase actualmente no capital intelectual, o emprendemento e os sistemas de indicadores.

Ten dirixido e coordinado máis de 50 proxectos de transferencia de estratexia empresarial, sectorial e territorial con diversas institucións públicas e privadas, e na actualidade é o Director do Observatorio Urbano de Pontevedra e do Pont-Up Store: Espazo de emprendemento.



O profesor Angel Barajas, premiado pola 'European Management Review'

O investigador do grupo IC2 recibiu o premio "Best reviewer award 2016" outorgado aos mellores revisores pola revista *European Management Review* en base á calidade e cantidade de revisións realizadas.



A delegación de Cambodja do proxecto DOCKSIDE visita a Universidade de Vigo

O proxecto, cofinanciado polo programa Erasmus+ da Comisión Europea, está liderado pola Universidade de Nantes e conta coa participación de membros de ECOBAS. A Universidade de Vigo será a encargada de guiar ás universidades cambodjanas na posta en marcha de programas de doutoramento.



O éxito do Pont Up Store segue en aumento trala celebración da súa cuarta edición

A cuarta edición deste evento celebrado na cidade de Pontevedra acadou un gran éxito e o confirma como unha das citas máis importantes no ámbito do emprendemento en Galicia.



ECOBAS promove a iniciativa "Por unha alianza no sector industrial galego"

Varios investigadores de ECOBAS participan nesta iniciativa para mellorar as políticas industriais en Galicia. Nas últimas reunións de traballo organizadas por CES Galicia déronse cita case cen expertos pertencentes a diversos sectores.

CONVOCATORIAS ABERTAS E EVENTOS DE INTERESE

CONVOCATORIAS NACIONAIS E REXIONAIS:

Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación - Subvencións para a celebración de congresos, seminarios e xornadas relacionadas coa cooperación ao desenvolvemento

- Obxectivo: Organización de congresos, seminarios e xornadas relacionadas coa cooperación ao desenvolvemento que se realicen durante o período comprendido entre a data de resolución e o 30 de xuño de 2018.

- Prazo de presentación de solicitudes: ata o 6 de outubro de 2017.

UAM-ACCENTURE- XI Premio en Economía e Xestión da Innovación 2017

- Obxectivo: Premiar un traballo de investigación inédito en Economía e Xestión da Innovación co lema "The next generation of science and innovation policy: adapting the policy mix to foster open innovation and digitalization".

- Prazo de presentación de solicitudes: ata o 1 de febreiro de 2018.

CONVOCATORIAS INTERNACIONAIS:

Comisión Europea- ERC Starting Grant

- Obxectivo: Financiar a investigadores excelentes que estean comezando o seu programa ou equipo de investigación propio.

- Prazo de presentación de solicitudes: ata o 17 de outubro.

EVENTOS DE INTERESE:

6 de outubro: *Workshop Proxecto PrimeFish* (CETMAR, Vigo)

20-21 de outubro: *X Congreso España- Italia de Historia Económica* (Vigo)

26-27 de outubro: *12th Regional Innovation Policies Conference, RIP2017* (Santiago de Compostela)

9-11 de novembro: *The Lisbon Meetings in Game Theory and Applications, LM2017* (Lisboa, Portugal)